

ÁMBITO

Localidade	TOMIÑO
Comarca	BAIXO MIÑO
Lugar de realización	CASA DA CULTURA

ÁSISTENCIA

Nº Asistentes (no momento de maior participación)	25
Nº de non militantes asistentes	6
Nº de militantes convocad@s	tod@s

DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Persoas a cargo das que recaeu a explicación do proceso

A nivel local	Xosé Lois Calvo e Uxío Benítez
Representante do Consello Nacional	Sandra González

NÚMERO DE PERSOAS QUE INTERVIRON

Duración aproximada da reunión	1 hora e media
Metodoloxía empregada (clásica, grupos pequenos, pizarras, etc)	Asemblea aberta clásica

VALORACIÓN POR PARTE DA PERSOA RESPONSÁBEL LOCAL DO TRANCURSO DA REUNIÓN

Tono xeral da xuntanza, comparativa cunha asemblea ordinaria, valoración en xeral das e dos participantes, etc.

Tono moi cordial e participativo

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Listaxe de propostas (o máis sintéticas posibles):

-Seguir a liña de Nós-Candidatura Galega.

-A palabra Bloque está obsoleta.

-Non é bo que cada campaña teñamos outro lema, por exemplo agora "Proceso Adiante", fai uns meses Nós-Candidatura. Se estamos mudando a cada paso a xente líase.

-Precísase un líder carismático que sexa quen de conectar coa cidadanía, mais tamén ten que ter unha organización detrás que o ampare.

-Pensar en que País temos e que País queremos, temos que adaptar o discurso e modernizalo, non podemos falar só do rural, sector leiteiro e pesqueiro, hai que pensar como "enganchar" nas cidades e coa mocidade.

-Temos que pensar que produto ofrece o BNG, que nos diferencia dos demais e saber vender ese produto a tódolos públicos (mocidade, cidades e rural).

-Analizar os problemas do País, e elaborar un programa político moi sinxelo para darlle solución aos problemas dos galegos e galegas, deixarse de mirar e criticar as outras organizacións ou aqueles que se foron, simplemente dar a coñecer quen somos e que defendemos.

-Hai que facer un lavado de cara, o noso nome xa non funciona.

-Paciencia. Se hai cousas que facemos que valen, temos que seguir con elas, e co resto hai que adaptarse. Debemos de manter as bases e renovar os postos de responsabilidades.

-Deixar de empregar a escusa de que os media non nos axudan, porque nunca nos axudaron, agora hai outros mecanismos, redes sociais, etc, empreguémoos a fondo.

-Deseñar unha táctica para atraer á mocidade.

-Vender o traballo dos concellos gobernados polo BNG, pero ollo, nas municipais (exemplo Tomiño) a xente que nos vota, non é nacionalista (non se está a facer "canteira), votan á persoa (Tomiño-Sandra, Pontevedra-Lores...), cando veñen outros procesos eleitorais como as galegas ou xerais, non nos votan.

-Tentar unir forzas nacionalistas porque estamos a dicir o mesmo, exemplo nas europeas, Ana Miranda e Lidia Senra dicían o mesmo..

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Con carácter xeral:

Radiografía da Galiza de hoxe

-Falta de sentimento nacionalista

-A sociedade avanzou moito, mais, por outra banda está moito máis españolizada

Estratexia política do nacionalismo galego

PROPOSTAS PARA O DEBATE

Participación política e modelo organizativo